



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua galega

Materia	Lingua galega			
Código	V51G120V01404			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Formación de Profesorado de E.X.B. (Vigo)			
Coordinador/a	Rodríguez Lorenzo, María del Carmen			
Profesorado	Rodríguez Lorenzo, María del Carmen			
Correo-e	mcarmenrodriguezlorenzo@gmail.com			
Web	http://http://www.escolamagisterioceuvigo.es/			
Descrición xeral	<p>O Grao en Educación Primaria esixe que o futuro docente posúa, ademais dunha ampla formación en aspectos psicopedagóxicos, un dominio cabal de ferramenta básica e imprescindible na comunicación: a lingua. Tal competencia é condición sine qua non para a transmisión de coñecementos e para formar os discentes dun xeito integral. E tres son as destrezas que os profesores deben perfeccionar nas aulas para alcanzar os obxectivos inherentes á aprendizaxe desta materia: a capacidade lectora (comprensión, ritmo, dicción), a expresión oral (corrección, claridade, fluidez) e a expresión escrita (corrección, cohesión, propiedade).</p> <p>O futuro mestre de Educación Primaria deberá, polo tanto, adquirir un nivel adecuado de lingua galega que lle permita o dominio das destrezas arriba sinaladas (lectura expresiva, expresión oral e expresión escrita) para levar a cabo unha tripla tarefa: utilizar a lingua galega como lingua normal no ensino, servir de modelo de corrección lingüística aos seus alumnos e detectar e corrixir os erros que estes poidan cometer na lingua oral e na escrita.</p>			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber • saber facer
CG4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá	• saber • saber facer
CE43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación	• saber
CE46	Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma correspondente	• saber • saber facer
CE48	Fomentar a lectura e animar a escribir	• saber facer
CE50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües	• saber • saber facer • Saber estar / ser
CT1	Capacidade de análise e síntese	• saber facer

CT2	Capacidade de organización e planificación	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer
CT3	Comunicación oral e escrita na lingua materna	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CT7	Resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer
CT9	Traballo en equipo	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer • Saber estar / ser
CT12	Habilidades nas relacións interpersoais	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer • Saber estar / ser
CT13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer • Saber estar / ser
CT14	Razoamento crítico	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer
CT17	Adaptación a novas situacións	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer • Saber estar / ser
CT18	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • saber facer

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación	CE43 CT1 CT3
Falar, ler e escribir correcta e axeitadamente en galego.	CE46 CE48 CE50 CT1 CT2 CT3 CT12 CT14 CT17 CT18
Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita para mellorar as competencias orais e escritas e, especialmente, para mellorar a redacción de textos académicos	CB1 CB2 CB3 CB4 CG4 CE46 CE48 CT1 CT2 CT3 CT9 CT14 CT17 CT18
Coñecer a fonética e a ortografía da lingua galega.	CB1 CB3 CB4 CB5 CG4 CE46 CT3
Coñecer a gramática da lingua galega.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE46 CT1 CT3 CT13

Coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua galega.	CB1 CB2 CB3 CE46 CE50 CT3
Comprender as regras de formación de palabras polas que a lingua galega enriquece o seu vocabulario por vía interna.	CB2 CB3 CB4 CB5 CE46 CT1 CT3 CT7
Coñecer e utilizar adecuadamente un léxico suficiente para expresarse con precisión na exposición oral e na redacción de textos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE46 CT3 CT7 CT12 CT13

Contidos

Tema	
FONÉTICA E ORTOGRAFÍA	O uso das grafías e o sistema fonético galego. A acentuación gráfica. Palabras de ortografía dubidosa. Os signos de puntuación.
MORFOSINTAXE	Substantivo e adxectivo. Artigo. Pronome persoal. Demostrativo. Posesivo. Indefinidos e numerais. Relativos, interrogativos e exclamativos. O adverbio. O verbo. O infinitivo conxugado. As perífrases verbais. Os elementos de relación: preposicións e conxuncións. A sintaxe oracional. Concordancia nominal e correlación verbal. A construción da oración.
LÉXICO E FORMACIÓN DE PALABRAS.	Palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos. Grupos consonánticos. Sufixos e terminacións. Familias léxicas irregulares. Interferencias léxicas. Neoloxismos. A precisión léxica: selección do léxico, incorreccións comúns, tópicos e abusos. Procesos de formación de palabras e morfoloxía léxica. Derivación: prefixación e sufixación. Parasíntese. Composición. Outros procedementos.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	0	0	0
Debate	20	40	60
Traballo tutelado	4	8	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumando, así como a presentar a materia e o sistema de traballo. Avaliación inicial mediante un modelo de comentario de textos.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, con especial atención á gramática do idioma.
Debate	Exercicios de expresión oral, individuais ou en grupos, relacionados cos contidos da materia. Valorarase, tamén, a participación activa nas actividades prácticas da aula.
Traballo tutelado	Elaboración, de maneira individual, de textos escritos sobre unha temática concreta (estudo dialectolóxico e/ou análise de calquera aspecto relacionado co programa) que se especificará na aula para o cal o alumnado deberá procurar información, manexar bibliografía, redactar, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O atendimento personalizado ten como obxectivo facer o seguimento da evolución do alumnado e apoiar o seu traballo dentro da aula. O profesor abordará aqueles aspectos que precisen de reforzo, asesoramento e guiando o alumnado, para que acade os obxectivos propostos.
Debate	O atendimento personalizado ten como obxectivo facer o seguimento da evolución do alumnado e apoiar o seu traballo dentro da aula. O profesor abordará aqueles aspectos que precisen de reforzo, asesoramento e guiando o alumnado, para que acade os obxectivos propostos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Elaboración dun ensaio en que se dea conta dalgún aspecto concreto da materia, nos que se ofrezca a valoración sobre algunha cuestión; descriptor de un libro; análise dun texto dendeo punto de vista das desviacións da lingua, nos que se terán en conta a estrutura, presentación, construción e corrección lingüística, emprego acomodado de signos de puntuación. Cada erro de ortografía, morfosintaxe ou de procedementos suporá a perda de 0,25 puntos. Cualificación mínima: 5	25	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG4 CE43 CE46 CE48 CT1 CT2 CT3 CT7 CT13 CT14 CT18

Debate	Presentación dunha exposición oral grupal e posterior debate sobre un tema que se especificará na aula, para o cal o alumnado deberá buscar información, manexar bibliografía, etc.	25	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE43 CE46 CE48 CE50 CT1 CT2 CT3 CT7 CT9 CT12 CT14 CT17 CT18
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame que será realizado na data oficial publicada na Secretaría do Centro. Cualificación mínima para superar a proba e facer a media co resto das actividades avaliadas: 5 puntos	50	CG4 CE43 CE46 CE48 CT1 CT2 CT3 CT7 CT14 CT18

Outros comentarios sobre a Avaliación

A ficha persoal, cos datos persoais, e a foto pegada debe entregarse nas dúas primeiras semanas de clase.

O sistema de avaliación pretende facer o alumnado participe do seu proceso de aprendizaxe. En liñas xerais procurarase unha avaliación continua, formativa e global, polo que se terán en conta tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa participación activa e responsable no proceso de aprendizaxe e o resultado final de dito proceso.

A **cualificación final** da materia será o resultado da suma das distintas notas obtidas das actividades realizadas, segundo as porcentaxes asignadas, tal como queda estipulado no cadro superior. É dicir, a cualificación final será a suma da nota do exame (50%), dos traballos (40%) e da asistencia e participación activa e resolución de problemas (10%). Para aprobar a materia hai que superar os traballos e o exame. Mentres non se aprobo o exame non se sumarán as notas dos traballos tutelados e do traballo en clase.

ALUMNADO NON ASISTENTE: Aquel alumnado que non asistise ás aulas ou faltase máis dun 20% do cómputo total das aulas impartidas terá que presentarse a un exame específico de toda a materia. Así mesmo, deberá entregar e presentar todos os traballos tutelados propostos o día da realización do exame. Para a asignación dos traballos, o alumno/a deberá poñerse en contacto co profesor antes nas dúas primeiras semanas do semestre en que se imparte a materia. Aqueles alumnos que non aproben a materia na convocatoria de maio, manteráselles a nota daqueles traballos/actividades superados e terán que realizar novamente o exame e os traballos/actividades non superados na convocatoria do mes de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ÁLVAREZ, R., MONTEAGUDO, H. e REGUEIRA, X.L., Gramática galega, Galaxia, 1986, Vigo

ÁLVAREZ, R. e XOVE, X., Gramática da lingua galega, Galaxia, 2002, Vigo

FEIXÓ CID, X., Gramática da lingua. Síntese práctica, Xerais, 2004, Vigo

FREIXEIRO MATO, X. R., Gramática da lingua galega. I, II, A Nosa Terra, 2002-2006, Vigo

VVAA, Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, Real Academia Galega/Instituto da Lingua galega., 2005, A Coruña/Santiago de Compostela

Bibliografía Complementaria

Dosil, B., Escrita doada. Consellos para redactar ben, Xerais, 2015, Vigo

HERMIDA GULÍAS, C., Gramática práctica, Sotelo Blanco Edicións, 2004, Santiago de Compostela

MÉNDEZ ÁLVAREZ, M^a. X., Ortografía da lingua galega, Xerais, 2004, Vigo

MUÑOZ SAA, B., Claro e seguido. 1, 2, 3, 4., Xerais, 2004, A Coruña

PENA, X. R. e ROSALES, M., Manual e exercicios de galego urxente, Xerais, 2006, Vigo

REGUEIRA, X. L., Os sons da lingua, Xerais, 1998, Vigo

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase:

- A asistencia continuada ás clases presenciais.
- A participación e a realización das tarefas prácticas que se propoñan.
- A dedicación responsábel e con rigor ao estudo da materia.
- O estudo continuado da materia.
- A lectura reflexiva, reparando no uso da linguaxe.
- A práctica da expresión oral para desenvolver a fluidez e corrección.

* O rendemento depende do estudo continuado da materia. É case imposible asimilar toda a materia mediante o estudo intensivo ao final do curso académico.

* Os alumnos, para a aprendizaxe significativa, deben realizar individualmente os exercicios que propón o profesor.

* É moi conveniente que as lecturas se fagan de forma reflexiva, reparando no uso da linguaxe.
